



1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: Planificación hidrolóxica en Galicia. Aspectos xurídicos.

GRUPO: Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático

ÁREA: Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático

CUALIFICACIÓN:	APROVEITAMENTO	PLAN:	F. FINALISTAS	HORAS:	24
ADMINISTRACIÓN:	AU LO	ESTADO:	CONVOCADO	ANO:	2016
MOD.IMPARTICIÓN:	PRESENCIAL	TIPOLOXÍA:	ESPECÍFICO	EDICIÓNS:	1

DATA MATRÍCULA: Do 13/02/2016 - 08:00h ao 22/02/2016 - 14:00h

RESPONSABLE: ANTELO ROMERO, MARÍA LORENA [maria.lorena.antelo.romero@xunta.gal]

2. DESCRICIÓNS

DESCRICIÓN CURSO

A planificación hidrolóxica desenvólvese a partir da Directiva 2000/60/CE, denominada Directiva marco da auga (DMA). Esta directiva trasponse a nivel estatal e autonómico (Lei 9/2010, de augas de Galicia) establecendo un marco pioneiro na xestión e planificación dos recursos hídricos. Dita directiva ten como eixo fundamental de aplicación os plans hidrolóxicos, nos que se deben harmonizar as necesidades dos distintos sectores que teñen incidencia no uso e desfrute da auga.

O segundo ciclo da planificación hidrolóxica, que comprende do 2015 ata o 2021, iniciase coa aprobación por Real Decreto do Plan Hidrolóxico de Galicia-Costa (PHGC), no que se inclúen, por unha parte: a caracterización das concas; as principais presións e impactos aos que está sometido o medio hídrico; o programa de medidas que se ten que desenvolver para conseguir os obxectivos medioambientais nas masas de auga, e na parte normativa, de obrigado cumprimento, relacionase cos usos da auga; xestión do dominio público hidráulico (DPH); usos permitidos en zonas inundables e recuperación de custes.

Polo tanto, o obxectivo deste curso é o de proporcionar coñecemento sobre o marco xeral, xurídico, económico, territorial e organizativo da planificación hidrolóxica, así como xerar e fortalecer a competencia para a planificación hidrolóxica dos recursos hídricos e fomentar a coordinación e colaboración interadministrativa, xa que a planificación hidrolóxica afecta a todas as administracións con competencias relacionadas coa xestión da auga.

DESTINATARIOS

O curso está destinado a persoal dos grupos A1, A2, I e II, da administración autonómica e local.

O traballo deste persoal ten que estar relacionado con aspectos técnicos, económicos, xurídicos e urbanísticos da xestión da auga e queiran ampliar os seus coñecementos no novo PHGC e nas repercusións legais da súa entrada en vigor.

PROGRAMA

Bloque 1: Aspectos técnicos da planificación hidrolóxica.

Que é a planificación hidrolóxica?; Plan Hidrolóxico Galicia-Costa 2015-2021; análise de estudos polo miúdo e contidos; caracterización da Demarcación hidrográfica de Galicia-Costa; recursos hídricos; usos e demandas; presións; impactos; programas de medidas; redes de control; zonas protexidas; obxectivos medioambientais; afeccións e xestión do DPH.

Bloque 2: Normativa.

Procedemento para a aprobación do PHGC; aspectos legais da planificación hidrolóxica: normativa aplicable; consecuencias xurídicas da aprobación do PHGC; normativa aplicable.

Bloque 3: Recuperación de custes e gobernanza.

Análise económica dos usos da auga; principio de recuperación de custes; canon da auga; participación pública; sistema de información xeográfica (XIS).

CRITERIOS DE SELECCIÓN

Terá preferencia o persoal da consellería competente en materia de medio ambiente; en segundo lugar: persoal da administración local; en terceiro lugar: persoal das consellerías competentes en materia de mar e medio rural e de non cubrirse todas as prazas, por este persoal, poderá acceder persoal do resto das consellerías.

3. DATOS EDICIÓNS

SANTIAGO1

LOCALIDADE: Santiago de Compostela

INICIO / FIN: 05/04/2016 a 03/05/2016

NUM. PRAZAS: 30

ESTADO: NORMAL - (DIPLOMAS EM.)

DATA EXAME:

DOCENTES NOMEADOS

roberto arias sanchez

Belén Quinteiro Seoane

Laura Fernandez Nuñez

Sonia Botana Soto

Raquel Piñeiro Rebolo

mónica velo cid

Gonzalo Mosqueira Martínez

lorena castrillon manso

Juan Carlos Chantreño Cornes

MARIA LUISA BOQUETE PUMAR

LUGAR DE REALIZACIÓN

AULA 7: Os días 05, 12, 19 e 26 de abril de 09:30 a 14:30. EGAP, Rúa Madrid, 2-4, CP15707, SANTIAGO DE COMPOSTELA

AULA 8: O día 03 de maio de 09:30 a 13:30. EGAP, Rúa Madrid, 2-4, CP15707, SANTIAGO DE COMPOSTELA